



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Eu casar ben me casaba
pero heicho de contar,
teño que facer unha saia /unhas medias
e teño a la por fiar.

Os zapatos todos rotos
e o pano todo furado,
se téis cuartos cómprame unhos
e casámos de contado.

E despois miña filla xa...

San Quintín quería casar-e
e non tiña a muller buscada
fuille facer o amor
á filla da tía Xuana.

“Buenas noites, tía Xuana,
onde lle vai a rapaza?”

“Foi polo gas aí pra noite
xa mo parece que tarda.”

...

Buenas noites, San Quintín...

Buenas noites, teñan todos,
a todos os que están dentro.

Sabía moitas porque nós, non sabe, antes tecíamos ata as tres e as cuatro da mañá, tecendo.